



CONCELLO DE REDONDELA

**ACTA DA XUNTANZA EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO
CONSELLO PARROQUIAL DE VILAR DE INFESTA O DÍA**

7 - NOVEMBRO - 2013

ORDE DO DIA

1.- ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS

No Centro Social de Vilar de Infesta, sendo as vinte trinta horas do día sete de novembro de de dous mil trece, reúnese, en xuntanza extraordinaria, o Consello Parroquial de Vilar de Infesta, baixo a presidencia, por delegación da Alcaldía, de D. CÁNDIDO VILABOA FIGUEROA, e coa asistencia dos seguintes representantes:

GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS:

- D. JOSÉ CARLOS GARCÍA TAIBO, en representación do PSdeG-PSOE.
- D^a. MARIA DEL CARMEN GONZÁLEZ MONTEIRO, en representación do PP.
- D. XAVIER BALSAS BARBEIRA, en representación do B.N.G.
- D^a. LUISA CAYETANO RODRÍGUEZ, en representación de A.E.R.

ASOCIACIÓN DE VECIÑOS:

D. EDUARDO RODRÍGUEZ LOUREIRO.
D. MANUEL DAVILA GARCÍA.

COMUNIDADE DE MONTES:

ASOCIACIÓN CULTURAI:

D. FERNANDO GÓMEZ DAVILA
D. JOSÉ FIGUEROA DOMÍNGUEZ

COMISIÓN DE FESTAS:

COMISIÓN DO CEMITERIO:

D. MANUEL CARBALLIDO CASTRO



CONCELLO DE REDONDELA

ASOCIACIÓN DEPORTIVAS:

D. MARIO DOMÍNGUEZ ESTÉVEZ

COMUNIDADE DE AUGAS:

D. JOSÉ QUIJEIRO FIGUEROA

ANPAS:

DONA. PURIFICACIÓN RODAL GONZÁLEZ.

INCIDENCIAS.- Non asistiu o representante das Asociacións Deportivas, D. ANTONIO BALADO GARCÍA, e o representante da Comisión de Festas D. EDESIO CRESPO LOUREIRO, e o representante das asociacións deportivas D. ANTONIO BALADO GARCÍA.

Asistidos de mín, o funcionario de carreira JUAN MANUEL GARCÍA RODRÍGUEZ, que actúa como Secretario.

Pola Presidencia dase por comenzado o acto, pasándose a tratar o único punto da Orde do Día, da presente xuntanza extraordinaria.-

1.- ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS.-

Pola Presidencia ponse de manifesto o estado en que se atopan os orzamentos participativos da parroquia, e os presupostos que conseguiron para as obras acordadas.

Parque Infantil de Porto Cabeiro:

7.800,00 euros, e consistiría nun vallado novo, portas, trípodes e renovar módulos que hai. Sobrarían 1.002,18 euros aproximadamente.

Continúa sinalando a Presidencia que para o parque de abaixo, vaise a solicitar unha subvención da UE, manifestando a representante do grupo municipal de A.E.R., Sra. Cayetano Rodríguez que os arranxos sexan de acordo coa normativa europea, respostándose a Presidencia que dende logo, que se farán nas debidas condicións e requisitos esixidos na normativa actual.

O Consello parroquial e previa proposta da Presidencia, acorda que cos cartos que restan se adquiera material de iluminación, para colocar o resto dos puntos de luz, adquirir o material cos participativos e logo cando se poida instalalo.

Iluminación Chan das Pipas:



CONCELLO DE REDONDELA

4.697,87

Iluminación camiño Picamorena:

1.001,88

O Consello ao marxe dos orzamentos participativos, falou doutros temas, coma os dos espellos que fai falta instalar, unha arqueta que é preciso instalar, respostándolle o Sr. Vilaboa Figueroa que xa está arranxada, e que destes e outros temas trataranse nun consello parroquial ordinario.

E, non sendo outro o obxecto da presente reunión, pola Presidencia dase por rematada a mesma, sendo as vinteunha horas e dez minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, exténdese a presente acta, da que, como Secretario, DOU FE.-

O PRESIDENTE

O SECRETARIO

CÁNDIDO VILABOA FIGUEROA

JUAN MANUEL GARCÍA RODRÍGUEZ